

## ECONOMÍA PÚBLICA E FISCALIDADE APLICADA

*Coordinador/a:* ***Xosé Manuel González Martínez e José Carlos Álvarez Villamarín***

*Participantes:* *Olga Alonso Villar*  
*Alberto Gago Rodríguez*  
*Carlos Gradín Lago*  
*Xavier Labandeira Villot*  
*Santiago Lago Peñas*  
*Fidel Picos Sánchez*  
*Coral del Río Otero*  
*Miguel Rodríguez Mendez*  
*Alberto Vaquero García*

### **Liñas de actuacións**

---

O GID Economía Pública e Fiscalidade Aplicada constitúese como un ámbito de reflexión, coordinación e avaliación dos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación así como de elaboración de materiais docentes.

Este grupo ven xa traballando desde hai xa anos nas materias asignadas, relativas ás titulacións de:

- Grao en Administración de Empresas (Campus de Vigo).
- Grao en Administración de Empresas (Campus de Ourense).
- Grao en Economía.
- Grao en Comercio.
- Grao en Turismo.
- Licenciatura en ADE, Economía e Dereito Económico.

### **Obxectivos**

---

O GID de Economía Pública e Fiscalidade Aplicada, a partir da experiencia acumulada na docencia en licenciaturas, formúlase coa implantación dos graos unha revisión fonda das metodoloxías de aprendizaxe.

Con base nas circunstancias concretas da docencia de fiscalidade nas titulacións do ámbito de Economía e da Empresa (matrícula moi numerosa, reducido número de créditos asignados...) fórmulase implantar metodoloxías que favorezan a mellora da comprensión da lexislación fiscal, do traballo en equipo, das capacidades explicativas (escrita e oral), e da adaptación ao cambio (nun contexto de permanente modificación da lexislación).

Para poder implantar unha metodoloxía de traballo deste tipo e permitir un proceso de revisión e mellora continua o GID require como substrato imprescindible a coordinación de obxectivos, contidos e metodoloxías docentes das materias deste perfil asignadas, así como a revisión dos resultados acadados.

Para isto o grupo organiza reunións e seminarios de traballo cos seguintes obxectivos:

- Debate e coordinación das guías docentes: programa, metodoloxías docentes teóricas e prácticas, sistemas de avaliación...
- Análise das modificacións lexislativas en materia de fiscalidade, os condicionantes para a súa aplicación e as súas consecuencias: a cotío emprégase a metodoloxía dun relator/a externo convidado que formula contidos das reformas para realizar un debate posterior.
- Debate e coordinación dos materiais docentes que despois serán empregados en todas as materias de base común: distribuindo as tarefas de revisión e actualización e actualización dos materiais existentes e elaboración de novos documentos. (Estes materiais, compostos por esquemas teóricos, exercicios resoltos comentados, casos práctico... ofrécense de baldo ao alumnado en ficheiros PDF independentes, nos diferentes temas que se detallan na guía docente de cada materia, organizados en secuencias de aprendizaxe.
- Autoavaliación das metodoloxías docentes empregadas e análise e reflexión sobre outras experiencias docentes: a través da participación de profesorado doutras universidades invitado a contar e debater a súa experiencia.
- Estudo e revisión doutros documentos formativos complementarios á fiscalidade, contabilidade, dereito de sociedades...; a través de seminarios presentados por algunha persoa que constitúe o grupo ou coa invitación de profesionais especializados nos diferentes campos.
- 

Con este substrato de traballo organizativo, a docencia baséase nas metodoloxías de autotraballo, traballo en equipo e estudo de caso. Así, a partir dunha explicación previa en sesión maxistral con base nos materiais docentes achegados aos alumnos/as (esquemas teóricos, exercicios resoltos) deséñanse prácticas de seminario en base á metodoloxía de estudo de caso coas seguintes características:

- Conformación de grupos de 3-4 membros (estables para todo ou cuadrimestre)
- Cada grupo debe comentar, resolver e propor unha solución ós casos formulados, previamente á sesión práctica.
- Na sesión práctica fórmulase a discusión da solución do caso proposto, búscase argumento e xustificación e fórmulanse extensións e modificacións do caso inicial, con tempos para discutir/valorar en grupos as novas circunstancias, producíndose logo a defensa/discusión das conclusións obtidas.

Xunto a isto, o grupo organizará cursos complementarios e de formación abertos ao estudiantado da Universidade de Vigo e a profesionais relacionados co ámbito da Economía e Empresa.

## **Plan de traballo**

---

Seminarios internos de coordinación e avaliación.

Seminarios de actualización e formación con persoas invitadas alleas.

Organización de cursos de formación de extensión universitaria. Nos últimos anos académicos organizáronse de xeito regular os seguintes:

- IVE na Fiscalidade Empresarial (30 horas).
- Fiscalidade sobre a renda das persoas físicas e sociedades: teoría, práctica e aplicacións informáticas (20 horas).
- Planificación, estratexias e comportamento fiscal do/a contribuínte (30 horas).